

**PRESIDENTA:**

**Dona M<sup>a</sup> Victoria Alonso Méndez**

**VOGAIS:**

**Dona Olga M<sup>a</sup> García Ballesteros**  
**Dona Raquel Giráldez Armas**  
**Dona Ana María Mejias Sacaluga**  
**Dona Iria Lamas Salgueiro**  
**Dona Ana Laura Iglesias González**  
**D. Santos Hector Rodriguez Díaz**  
**Dona Noemí Outeda Prol**  
**Dona María Paz Lago Martínez**  
**D. Jorge Cubela López**  
**D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso**  
**D. Javier Tourís Romero**  
**D. Ignacio Maril Pardo**  
**D. José Carlos López Campos**  
**D. José Alfonso Marnotes González**  
**D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**  
**Dona María Ortega Iñarrea**

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA  
COMISION INFORMATIVA DE  
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 16 DE  
DECEMBRO DE 2022**

En Pontevedra, sendo as doce horas e vinte minutos do día 16 de decembro de 2022, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dona. Lucía Muradas Arcay, Xefa do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 18 DE  
NOVEMBRO DE 2022.**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2022.

**2. DAR CONTA DO CONCURSO DE RELATOS "CAMBIEMOS O CONTO" (Código de  
Expediente 2022058159)**

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 13 de decembro de 2022, sobre o concurso de relatos "Cambiamos o conto", cuxo contido literal é o seguinte:

*"A consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e, a loita contra a violencia de xénero constitúense como unhas das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra que impulsa a través do Servizo de Igualdade. Entre outras, destaca a recuperación do legado das mulleres co fin de facer visible o seu traballo e combater a discriminación sufrida o longo da historia.*

*Dende hai seis anos, a Biblioteca Nacional de España en colaboración coa Asociación Clásicas e*

*Modernas, organiza a celebración do Día das Escritoras, unha iniciativa que ten co obxectivo reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia. No ano 2021, a Deputación de Pontevedra quixo unirse á citada celebración da 6ª edición e, por elo conmemorou este Día das Escritoras o 8 de novembro de 2021 no Castelo de Soutomaior cunha xuntanza de mulleres, encontro de autoras e editoras galegas e xestoras públicas da Deputación de Pontevedra.*

*Trala celebración dos faladoiros e as reflexións, o debate concluíu coa sinatura dun manifesto histórico, denominado "Manifesto de Soutomaior". Nel denúnciase as diferentes situacións de desigualdade que existen no mundo da escrita e propónse un plan de acción para rachar con elas. O documento recolle as firmas de 19 mulleres, entre elas, autoras, editoras, libeiras e xestoras públicas. Para traballar en prol da consecución dos obxectivos marcados neste documento histórico, creouse a comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior que revisa cada unha das doce decisións tomadas e elabora un plan de acción contra a desigualdade no que se recollen as medidas para reducir a fenda de xénero na esfera da escritura porque no mundo editorial e literario galego a situación das autoras e editoras é, aínda, desalentadora.*

*Co gallo do primeiro aniversario da sinatura dese manifesto, a citada comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior reuniuse para valoración e seguimento das actuacións realizadas. Entre as medidas adoptadas está a convocatoria dun concurso de relatos que leva por nome Cambiemos o Conto, dirixido a todo o alumnado de educación secundaria (ESO, Bacharelato e FP Básica ou de Grao Medio) dos centros de ensino da provincia de Pontevedra, que poderá participar, de maneira individual, elaborando un relato orixinal e inédito.*

*Cando pensamos en cambiar o mundo, unha das ferramentas indispensables é a educación, outra é a cultura. Ambas adoitan ir da man e ser motor unha da outra, complementándose. De aí a importancia de darlle acubillo nas aulas a unha expresión cultural e artística que non só alimente a felicidade e o espírito creador, senón que sirva para denunciar e modificar todo aquilo que non está a funcionar coma debe.*

*Co obxectivo de incentivar na mocidade este pensamento crítico e de sensibilizala na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero ao tempo que se fomenta a súa creatividade, desde a Deputación de Pontevedra ponse en marcha o citado concurso de relatos Cambiemos o Conto.*

*O concurso foi divulgado entre todos os centros educativos de educación secundaria da provincia que poderán presentar os seus traballos ata o 30 de xaneiro de 2023. Os relatos enviaranse, en formato PDF, ao correo electrónico [participa.igualdade@depo.gal](mailto:participa.igualdade@depo.gal)".*

3. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte dous minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

*Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.*